CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Relación do pasado e presente no momento da análise dos datos presentados. Traballo con distintas escalas temporais e espaciais		
CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Identificación do mundo anterior ao proceso de industrialización como unha época na que se produciu un desenvolvemento máis sustentable do planeta	TI	30
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Presentar en traballos orais ou escritos a información organizada e contrastada		
CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	Plantexar actuacións encamiñadas ao coidado da nosa contorna rural e urbana facendo un uso responsable dos recursos medioambientais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. - Estructuras económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea,

Contidos

- España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.
- Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade.
- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas
- Diversidade social, etnocultural e de xénero. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe en sociedades abertas. Historia e recoñecemento do pobo xitano e outras minorías étnicas do noso país. España, país de migrantes. Novas formas de identificación cultural.
- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.
- As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores.
- A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes.
- A chegada a España dunha nova dinastía, uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814. O reformismo ilustrado en Galicia.
- Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida.
- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
8	Revolución industrial e industrialización	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Relación dos contidos coa contorna próxima identificando nos procesos analizados as súas causas		
CA1.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Valoración da multiculturalidade e os seus efectos positivos e rexeitamento de calquera tipo de discriminación	PE	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Coñecemento das expresións culturais e políticas dos distintos territorios		
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Manexar distintas fontes de información que permitan a análise dos procesos de cambio nas sociedades,, vendo a permanencia e evolución desas transformacións ao longo do tempo		
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	Dominar correctamente a terminoloxía histórica e xeográfica e ser capaz de establecer secuencias temporais ordenadas que deben ser contextualizadas nos territorios correspondentes		
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Coñecer os feitos máis destacados da Historia localizándoos espacial e temporalmente. Identificar as distintas consecuencias que provocaron eses acontecemntos valorando a súa repercusión no futuro		
CA2.7 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Explicar as situacións que posibilitaron a aparición de movementos que defenden a conciencia solidaria e a loita contra a desigualdade		
CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Caracterizar a identidade propia, comparala coa dos demais tendo presente a evolución no tempo		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Relacionar os contidos traballados establecendo interconexións e efectos de causalidade entre eles		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Entender o concepto de cidadanía e as organizacións que velan pola defensa destes valores		
CA3.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Identificar o gran valor da diversidade cultural e dos movementos de defensa e loita das minorías contra estas desigualdades		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Contraste dos datos empregados buscando a súa fiabilidade e aplicación dos mesmos na elaboración de táboas de datos e gráficas		
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Relación do pasado e presente no momento da análise dos datos presentados. Traballo con distintas escalas temporais e espaciais	TI	30
CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Identificación do proceso de industrialización como a época histórica na que comezou a poñerse en risco a saúde medioambiental. Propoñer medidas que naqueles intres contribuísen a un desenvolvemento máis sostible		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Presentar en traballos orais ou escritos a información organizada e contrastada		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas

Contidos

- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.
- As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores.
- A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes.
- A industrialización en Europa, España e Galicia. Transicións, revolucións, permanencias e cambios na nova orde mundial. Nacemento dunha nova sociedade.
- O nacemento das novas expresións artísticas e culturais ata a metade do século XIX e a súa relación coas artes clásicas. A personalidade independente de Goya. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.
- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.
- Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida.
- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Utilizarase unha metodoloxía expositiva e indagatoria que leva a unha aprendizaxe a través de pequenas investigacións por parte dos alumnos e alumnas. Únese a esto unha metodoloxía activa e práctica para indagar sobre a revisión de coñecementos previos do alumnado. A continuación, haberá unha explicación de cada unidade acompañada de material práctico e uso das TIC, con tarefas prácticas e dos contidos máis cercanos do alumno e alumna.

Combinaranse actividades individuais e colectivas (debates, postas en común, etc.), partindo sempre do máis cercano ao máis lonxano, de aspectos xeográficos, históricos, artísticos ou culturais que estean no contorno máis próximo ao alumnado para que establezan relacións e similitudes, que lle serva como exemplos ou modelos, co máis afastado a eles.

A metodoloxía empregada enmárcase dentro dunha concepción construtivista da aprendizaxe e será basicamente colaborativa, intentando atender á diversidade da aula. Unha concepción construtivista da aprendizaxe supón implicar o individuo para que aporte as súas estruturas previas á situación de aprendizaxe e ir construíndo o novo significado a partir delas.

Esta metodoloxía levarase a cabo da seguinte forma:

Exposición por parte do profesor, presentando os contidos dunha forma atractiva e útil para estimular e activar ao alumnado.

Debate. O debate resulta enriquecedor das ideas. Este debate pode ter lugar entre alumnos e profesor ou entre os propios alumnos sen participación activa do profesorado. Optamos así por unha metodoloxía na que construímos entre todos os novos coñecementos.

Traballo práctico apropiado.

Realización de exercicios

Traballos de investigación. Nestes traballos deberán establecer relacións con outras áreas de coñecemento.

Traballos en grupos. Este curso académico e debido á pandemia da Covid-19 este tipo de tarefas só será posible se mellora a situación sanitaria.

Complementando o debate é interesante que o alumnado aprenda a confrontar as súas propias ideas coas das compañeiras e compañeiros e ser capaces de dar solucións conxuntas a problemas de maior dificultade que os que realizan individualmente. Así se afarán a defender as súas opinións e xuízos de valor con argumentos, a escoitar, a compartir as tarefas, a tolerar, a respectar ós demais,

Diversidade nos recursos, será moi importante nesta tarefa contar e rendibilizar en todo o posible a variedade de recursos dos que se dispoña. Dada a importancia social que hoxe en día teñen as tecnoloxías da información e a comunicación, estas xogarán un papel moi importante á hora buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento. Dotaremos así ao alumnado de instrumentos intelectuais que lles permitirán

interpretar, representar, analizar, explicar, criticar, descubrir e predicir determinados aspectos da realidade. Inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura, a través dos recursos utilizados na clase.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Os recursos a utilizar serán:

Atlas
 Cartografía
 Observación directa nos traballos de campo
 Tamén se poderán utilizar os seguintes instrumentos dependendo dos tipos de contidos que se avalíen:
 Probas escritas e/ou orais
 Traballos individuais e colectivos
 Mapas xeográficos
 Fichas de control de clase
 Exercicios de clase
 Traballos de campo
 Xornal
 Plataforma Moodle
 Libros de texto :
 3º de E.S.O. : Editorial Vicens Vives
 Libros de lectura: 1.- La vuelta al mundo de un ferrocarril rojo. Wolfgang Korn. 2.- Viva la revolución. Rocío Rueda
 Fotocopias de follas de actividades.
 Textos literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos..
 Libros divulgativos recomendados para ao alumnado.
 Vídeos educativos
 Uso do ordenador na aula en determinadas sesións

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O departamento de Xeografía e Historia ten como procedemento da avaliación inicial unha proba escrita que pretende detectar os coñecementos previos cara ao proceso de aprendizaxe do alumnado no actual curso. No caso de 3º ESO a proba inicial é a seguinte:

XEOGRAFÍA E HISTORIA

1.- Que sabes do teu concello?

Superficie en km²:

Número de habitantes:

Número de parroquias:

Nome das parroquias:

Concellos limítrofes:

Espazos da paisaxe que destacarías no teu concello:

2.- Sitúa no seu continente correspondente os seguintes nomes: ALPES- CABO ORTEGAL-MAR DE TASMANIA- RÍO DANUBIOPENÍNSULA ESCANDINAVA-PENÍNSULA INDOCHINA-DESERTO SAHARA-HIMALAIA- RÍO GANGES- PENÍNSULA ARÁBIGARÍO NILO-BOLIVIA-COLOMBIA-CARACAS-URUGUAI-PANAMÁ-PAPÚA NOVA GUINEA-SOMALIA-IRAK-SIRIA-ANGOLAMONGOLIA-AUSTRALIA

EUROPA:

ÁFRICA:

ASIA :

AMÉRICA:

OCEANÍA:

3.- Debuxa o mapa da Península Ibérica e sitúa os puntos cardinais.

4.- Escribe unha breve definición dos seguintes termos:

a.- Temperatura:

b.- Vento:

c.- Golfo:

d.- Prehistoria:

e.- Historia:

f.- Dolmen:

g.- Castro:

5.- Escribe 5 acontecementos históricos que lembres

a.-

b.-

c.-

d.-

e.-

6.- A que século pertencen estes anos?:

1492: 27:

711: 495:

1936: 1848:

Le con atención o seguinte texto e contesta ás preguntas:

A auga, ao mesmo tempo que constitúe o líquido máis abundante na Terra, representa o recurso natural máis importante e a base de toda forma de vida. Onde non hai auga, non hai vida, e unido a isto aparece a despoboación. No medio natural aparecen interrelacionados unha serie de elementos: relevo, vexetación, clima, solo e fauna, e todos eles teñen a auga como factor condicionante: a auga inflúe no feito de que cada un destes elementos teña características diferentes. Á Terra tamén se lle chama o planeta azul grazas ás cantidades de auga que contén nas súas tres formas líquida, sólida (xeo) e gasosa (vapor), en diferentes emprazamentos. A auga pode cambiar de forma no seu fluír constante entre estes

estados, mediante unha serie complexa de pasos chamada ciclo da auga. Grazas a este ciclo crecen as plantas que dan alimento, apágase a sede dos corpos deshidratados, móvense as pas das turbinas. A reserva de auga máis grande da Terra, que contén aproximadamente o 90% do total, chámase hidrosfera. Esta inclúe os océanos e outras grandes superficies acuáticas como os lagos e os ríos. De todas elas o home pode aproveitarse de distintas maneiras, conformando os recursos hídricos. No caso do territorio español, os recursos hídricos proceden fundamentalmente dos ríos e, en menor medida, dos lagos e acuíferos.

A auga é un elemento imprescindible para a vida, para o desenvolvemento dos ecosistemas naturais e gran parte das actividades económicas. A auga intervéñen nos procesos de destrución ou erosión das rochas así como no transporte de materiais, que se acumulan en depósitos cando diminúe a súa forza de arrastre, por iso é o axente que determina en maior medida a formación dos elementos morfolóxicos que constitúen parte do relevo da terra.

Polo que se refire ás actividades económicas, a auga foi dende sempre elemento importante para o desenvolvemento das culturas, de feito as primeiras civilizacións aparecen ligadas a este elemento. Ao seu lado aparecen os primeiros poboados sedentarios, non só en lugares distantes como o Próximo Oriente, senón tamén na Península Ibérica. Como exemplo disto temos o nacemento de grandes civilizacións instaladas á beira de ríos caudalosos como Mesopotamia, Exipto ou China, pero tamén nas ribeiras mariñas como Grecia ou Roma.

A auga emprégase en numerosas actividades humanas. No caso de España, nas últimas décadas produciuse un incremento da súa utilización, paralelo ó desenvolvemento socioeconómico. Os principais usos da auga son agrícolas, industriais e enerxéticos, urbanos e para evacuación de refugos. A rega agraria é o consumidor de auga máis importante (case o 80% do total), pois mellora o rendemento das explotacións agrícolas. A demanda industrial de enerxía (6% do uso total da auga) e o crecente consumo de electricidade levaron á construción de centrais hidroeléctricas, cunha proliferación tal que situou a España entre os primeiros países do mundo en instalacións deste tipo. Outro uso da auga en relación co aproveitamento enerxético é como refrixerante das centrais térmicas e nucleares. As formas de vida urbanas (crecente consumo doméstico, segunda residencia, turismo, zonas axardinadas,...) incrementaron a demanda de auga e obrigaron a realizar diversas obras para o abastecemento. O uso urbano consome o 14% do total de auga en España. Non é unha porcentaxe moi elevada, pero hai que ter en conta que España está entre os primeiros dez países do mundo que máis auga consome por persoa (846 m³/persoa/ano)

Por outra parte, as augas véñense considerando tradicionalmente o mellor medio para a evacuación de refugos procedentes de actividades agrícolas, gandeiras, urbanas e industriais. En moitos casos este feito deu lugar a unha

importante perda da calidade destas augas.

Finalmente, a auga tamén se utiliza en España para actividades secundarias, como a pesca, a navegación e diversos usos recreativos (piscinas, parques acuáticos, campos de golf, etcétera).

a.- Ponlle un título ao texto:

b.- Resume nun máximo de cinco liñas este texto:

c.- A que se denomina planeta azul, segundo o texto?:

d.- Que culturas da Historia aparecen citadas?. En que continentes as situarías?. Coñeces algún acontecemento ou algunha innovación importante para a historia da Humanidade que apareceron nesas culturas?

e.- Cales son os principais usos da auga en España?. E cales son os que ti fas dela?

f.- Debatenos de: A auga, un ben mundial en perigo de extinción?

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	12	12	12	12	10	15	15	100
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30	30	30

Criterios de cualificación:

As probas obxectivas non serán o único instrumento de avaliación. Sinálase tamén a porcentaxe que se lle fará corresponder, de xeito xenérico, ás múltiples actividades que complementan os exames ou probas obxectivas. Recalcamos e concretamos estes aspectos:

- na E.S.O as actividades diarias e traballos repercutirán na nota, de xeito xenérico, nunha porcentaxe do 30% as probas obxectivas suporán o 70% da nota final. Para alumnado con medidas de atención á diversidade e circunstancias especiais que así o aconsellen esta porcentaxe poderá chegar ata un 40%.
- tódalas actividades desenvolvidas terán repercusión na nota final
- a nota final do curso será a media da nota obtida nas tres avaliacións
- o número de probas escritas será como mínimo de 1 proba obxectiva por avaliación.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non acade unha puntuación igual ou superior a cinco puntos en cada unha das avaliacións trimestrais, terá a oportunidade de supera-la materia mediante probas obxectivas de recuperación de carácter trimestral.

A proba de recuperación consistirá nun exame sobre os contidos das probas parciais realizadas durante cada unha das avaliacións. Este exame cualificarase sobre 10 puntos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente do Departamento de Xeografía e Historia de cursos anteriores ó que se atopen, deberán presentarse, segundo criterio do Departamento, á/ás proba/as escritas da materia non superada. Para o alumnado coa materia pendente do curso anterior, o Departamento coordinará e fará seguimento da avaliación das aprendizaxes do devandito alumnado.

Co obxecto de facilitar ó alumnado a superación das materias pendentes, o Departamento realizará o seguinte plan

de traballo:

- O profesorado que lle corresponde a este alumnado no presente curso fará un seguimento do traballo diario, no curso en que está matriculado, en función dos obxectivos fixados para a materia pendente.
- Durante o presente curso realizaranse dúas probas parciais de recuperación ordinaria e outra na que o alumnado se examinará de toda a materia pendente no caso de non ter superado as dúas primeiras probas. Ademais deberán presentar en cada unha das probas parciais, un traballo de exercicios da materia da que se examinen, sempre relacionados coas competencias imprescindibles. A proba escrita de cada parcial suporá un 60% da nota, mentres que o traballo de exercicios terá un valor máximo do 40%.
- Ás datas de exames serán postas polo departamento en colaboración coa xefatura de estudos e serán comunicadas ós interesados.
- Os contidos esixibles axustaranse ós correspondentes aos contidos e competencias indicados na programación. do curso pendente do alumnado.
- En caso de haber alumnado con ACI levará cabo a recuperación con actividades ou exercicios na súa aula de referencia

6. Medidas de atención á diversidade

O obxectivo da ensinanza secundaria obrigatoria é atender as necesidades educativas de todo o alumnado, pero este conta con distinta formación, intereses, necesidades,.. O tratamento da diversidade debe producirse desde o momento da detección dos distintos niveis de coñecementos e actitudes do alumnado.. Por iso, a atención a diversidade debe converterse nun aspecto característico da práctica docente diaria e que no departamento contemplaremos a tres niveis: na programación, na metodoloxía e nos materiais.

Atención á diversidade na programación:

A programación terá en conta que non todo o alumnado adquire ó mesmo tempo e coa mesma intensidade os contidos tratados. Por iso se deseña de modo que asegure un nivel mínimo para todo o alumnado o final da etapa, dando oportunidades para recuperar os coñecementos non adquiridos no seu momento.

A atención á diversidade no programa de Xeografía e Historia concrétese, sobre todo, na súa programación circular ou en espiral. Este método consiste en prescindir dos detalles no primeiro contacto do alumno cun tema e preocuparse por ofrecer unha visión global do mesmo.

Atención á diversidade na metodoloxía

No mesmo momento en que se inicia o proceso educativo, comezan a manifestarse diferenzas entre o alumnado. A falta de comprensión dun contido pode ser debida, entre outras causas, a que os conceptos ou procedementos sexan demasiados difíciles para o nivel do alumno, ou a que se avanza con demasiada rapidez, e non da tempo para unha adecuada comprensión. Debido a este feito organizaranse as actividades e problemas en actividades de consolidación, reforzo e ampliación, nas que poidan traballar ou afondar ao alumnado menos ou máis adiantados.

Nin todo o alumnado deben realizar tódalas actividades, nin estas teñen que ser sempre as mesmas para todos. As actividades abertas posibilitan o afondamento nas mesmas segundo o grao de desenvolvemento intelectual, a capacidade persoal e os coñecementos de cada un.

Polo tanto, cada Unidade Didáctica incluírá un gran número de actividades, con niveis de dificultade diferente, que permita unha selección axustada ás necesidades de cada alumno/a..

Nos casos extremos, ou de atención a necesidades educativas especiais, se levarán a cabo, en colaboración co Departamento de Orientación, as correspondentes medidas de atención á diversidade que propón a Administración Educativa.

Tamén en estreita colaboración co Departamento de Orientación trabállase co alumnado que precisa de Adaptacións Curriculares.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - No apartado observacións desenvólvense máis estes elementos transversais. Nesta unidade prestaremos especial atención ao fortalecento das seguintes actitudes e do mesmo xeito incidiremos na necesidade de levar a cabo actuacións encamiñadas a conseguir o seguinte. Ver en observacións o significado da seguinte numeración: 1,2,3,4,5	X							
ET.2 - No apartado observacións desenvólvense máis estes elementos transversais. Nesta unidade prestaremos especial atención ao fortalecento das seguintes actitudes e do mesmo xeito incidiremos na necesidade de levar a cabo actuacións encamiñadas a conseguir o seguinte. Ver en observacións o significado da seguinte numeración: 1,2,3,4,5,6,7,8,9,10,11,12		X						
ET.3 - No apartado observacións desenvólvense máis estes elementos transversais. Nesta unidade prestaremos especial atención ao fortalecento das seguintes actitudes e do mesmo xeito incidiremos na necesidade de levar a cabo actuacións encamiñadas a conseguir o seguinte. Ver en observacións o significado da seguinte numeración: 1,2,3,4,5,7,8,9,10,11,12,13			X					
ET.4 - No apartado observacións desenvólvense máis estes elementos transversais. Nesta unidade prestaremos especial atención ao fortalecento das seguintes actitudes e do mesmo xeito incidiremos na necesidade de levar a cabo actuacións encamiñadas a conseguir o seguinte. Ver en observacións o significado da seguinte numeración: 1,2,3,4,5,8,9,10,11,12,13				X				

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - No apartado observacións desenvólvense máis estes elementos transversais. Nesta unidade prestaremos especial atención ao fortalecento das seguintes actitudes e do mesmo xeito incidiremos na necesidade de levar a cabo actuacións encamiñadas a conseguir o seguinte. Ver en observacións o significado da seguinte numeración: 1,2,3,4,5,8,9,10,11,12,13					X			
ET.6 - No apartado observacións desenvólvense máis estes elementos transversais. Nesta unidade prestaremos especial atención ao fortalecento das seguintes actitudes e do mesmo xeito incidiremos na necesidade de levar a cabo actuacións encamiñadas a conseguir o seguinte. Ver en observacións o significado da seguinte numeración: 1,2,3,4,5,7,8,9,10,11,12,13						X		
ET.7 - No apartado observacións desenvólvense máis estes elementos transversais. Nesta unidade prestaremos especial atención ao fortalecento das seguintes actitudes e do mesmo xeito incidiremos na necesidade de levar a cabo actuacións encamiñadas a conseguir o seguinte. Ver en observacións os 13 elementos seleccionados que se traballarían nesta unidade							X	
ET.8 - No apartado observacións desenvólvense máis estes elementos transversais. Nesta unidade prestaremos especial atención ao fortalecento das seguintes actitudes e do mesmo xeito incidiremos na necesidade de levar a cabo actuacións encamiñadas a conseguir o seguinte. Ver en observacións o significado da seguinte numeración: 1,2,3,4,5,9,10,11,12,13								X

Observacións:

A Xeografía e Historia concretará a súa relación coas ensinanzas transversais nas propostas de aula. Podemos mostrar a vinculación coa educación moral, cívica, para a paz e para a igualdade de oportunidades entre sexos por medio do fomento ao desenvolvemento de actitudes como: 1- A tolerancia intelectual para aceptar e estar aberto a obras, opinións, interpretacións e puntos de vista diferentes dos propios, asumindo que a discrepancia é necesaria para alcanzar solucións máis ricas e integradoras, 2- Crítica ante mensaxes que denotan unha discriminación sexual, racial, social etc. 3- Disposición aberta a buscar parte da explicación de sucesos actuais nos seus antecedentes históricos. 4- Valoración crítica dos prexuízos sexistas presentes nos nosos costumes e recuperación e integración do patrimonio cultural das mulleres. 5- Valoración dos dereitos humanos como un conquista histórica e rexeitamento de calquera forma de violación destes, así como de todo tipo de discriminación por razóns de idade, sexo, raza, nacionalidade e relixión. Tamén a educación para a saúde, para o consumo, ambiental e viaria cobran importancia subliñando actuacións vinculadas a contidos do seguinte tipo: 6- Interese por coñecer e gozar de obras e obxectos artísticos. 7- Contribución á conservación do patrimonio natural, histórico e artístico, especialmente o de Galicia. 8- Interese por descubrir e coñecer territorios e paisaxes de distinto tipo. 9- Disposición favorable á conservación e mellora do medio natural. 10- Recoñecemento dos graves problemas aos que se enfronta a vida humana sobre a Terra. 11- Sensibilidade cara á racionalización no uso dos recursos naturais. 12- Actitude crítica ante a repartición desigual dos recursos e solidariedade cos que sofren escaseza de alimentos e recursos. 13- Disposición activa á cooperación por conservar os restos e vestixios do pasado.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao Parlamento de Galicia	O alumnado traballa os contidos sobre a organización política dos estados		X	
Visita a empresa Extrugasa	O alumnado coñece traballa os aspectos do sector secundario		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Hai coherencia entre o programado e o desenvolvemento das clases
Existe unha distribución temporal equilibrada
Metodoloxía empregada
A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumnado

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Considérase a imterdisciplinarietàade (en actividades, tratamento dos contidos, etc.)
Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes
Os instrumentos de avaliación permiten rexistra rnumerosas variables da aprendizaxe
As medidas e recursos ofrecidos foron suficientes
Medidas de atención á diversidade
Grao de seguimento da aprendizaxe do alumnado
Adóptanse medidas para coñecer as dificultades de aprendizaxe
Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe
Clima de traballo na aula
Adecúase o desenvolvemento da clase coas características do grupo
Outros
Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas
Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronselles a coñecer ao alumnado e ás familias

Descrición:

Para avaliar a práctica docente utilizaremos estes indicadores que serven para a adecuación aos tempos fixados na programación didáctica, a metodoloxía, os recursos, a avaliación e a coordinación dentro do departamento.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da aplicación da programación farase nomeadamente a través das reunións de Departamento, onde se revisará periodicamente a súa aplicación, así coma os posibles cambios que haxa que efectuar na mesma de ser necesario no decorrer do curso. Todos os acordos serán recollidos nas correspondentes actas de reunión. Amais disto, ao final de curso farase unha reflexión xeral sobre a aplicación da programación atendendo aos seguintes criterios:

En canto á temporalización e recursos:

Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.

Existe unha distribución equilibrada.

A secuenciación é axeitada

Validez dos recursos utilizados na clase

Os libros de texto e os libros de lectura propostos axústanse ao desexado

En canto á avaliación

Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.

Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronselles a coñecer:

- ao alumnado

- ás familias

Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar distintas variables da aprendizaxe.

9. Outros apartados

1. PROGRAMACIÓN XEOGRAFÍA E HISTORIA 3º ESO CURSO 2022/2023

Programación dos contidos curriculares de Xeografía e Historia de 3º ESO. A Xeografía política e económica xunto cos contidos da Historia da Idade Moderna e comezos da Idade Contemporánea forman parte da materia deste nivel educativo.